



BANDO

D. Rafael Perez Vazquez , Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia por, [ORDE do 25 de agosto de 2025](#) pola que se establecen as bases para a concesión das axudas económicas ás familias para a conciliación en situacións puntuais e períodos de vacacións escolares a través do programa Bono Concilia Familia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento BS412A).

Obxecto

Concesión de axudas ás familias residentes en Galicia con nenos e nenas de ata doce anos de idade, estes incluídos, para a atención de necesidades de conciliación de carácter puntual ou durante períodos vacacionais, que teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 7 de setembro de 2025.

Requisitos

Poderán ser beneficiarias das axudas do Programa Bono Concilia Familia:

- Persoas que residen na Comunidade Autónoma de Galicia
- Ter un fillo /a de ata 12 anos (nados entre 01/01/2012 e o 31/12/2021)
- Que os dous proxenitores traballen no período solicitado (ou un no caso de ser familia monoparental)

Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As persoas interesadas poderán informarse, a través do departamento de Servizos Sociais do Concello ata o 8 de outubro de 2025. A presentación será obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

O Alcalde

D. Rafael Perez Vazquez

(Asinado dixitalmente na marxe)

